| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 19/109 |

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Aceptar o informe realizado polo Servizo de Novas Tecnoloxías con CSV:IV7X4ACPJUV5JKXSS7UMCPTSC4.

Adxudicar a empresa Vodafone España, S.A.U o lote 2 da contratación da subministración e implantación dun sistema de gravación, automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais proxecto enmarcado dentro do Programa IMPULSATIC (Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*. 2023/con_02/000078, nos seguintes termos:

Lote 2. Subministro e *hosting* dun CPD Cloud en modo IaaS.

| CRITERIOS OFERTADOS | VODAFONE ESPAÑA, S.A.U |
|---|---|
| 1. OFERTA ECONÓMICA | 280.552,06 €, aos que se engadirán 58.915,93 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 339.467,99 € |
| 2. ACREDITACIÓN CERTIFICACIÓN ENS (1). Os pregos establecen unha certificación ENS mínima de Nivel Medio para o ámbito de *hosting* . | ☒ SI , posee unha certificación ENS de nivel ALTO |
| 3. ACREDITACIÓN DE NIVEL DE DISPOÑIBILIDADE SERVIZO *HOSTING* . | ☒ SI ,ofrece un nivel de dispoñibilidade superior ao 99,982% (equivalente TIER III) |
| 4. REDUCIÓN DO TEMPO DE EXECUCIÓN sobre o máximo de 4 meses previsto no prego. | 14 semanas |
| 5. AMPLIACIÓN TEMPO DE SOPORTE E GARANTÍA sobre o mínimo de 2 anos establecido nos pregos. | 1 mes. |

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Excluír ás empresas Elecnor Servicios y Proyectos, S.A.U.para o Lote 1 e Altia Consultores, S.A. para o Lote 3 ,do procedemento de contratación por non atender no prazo concedido na comunicación do trámite de audiencia para acreditar o baixo nivel de prezos das súas ofertas.

**2º.-**Adxudicar os Lotes 1, 2 e 3 da contratación da subministración e implantación dun sistema de gravación, automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de

Dixitalización da Provincia de Lugo), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*. 2023/CON_02/000078, nos seguintes termos:

Lote 1. Revisión, actualización e mellora do cableado da rede municipal.

| CRITERIOS OFERTADOS | ADXUDICATARIA: CIE TECNOLOGÍAS, S.L.U. |
|---|---|
| OFERTA ECONÓMICA | 429.752, 07 €, aos que se engadirán (90.247,93 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 520.000 € |
| REDUCIÓN DO TEMPO DE EXECUCIÓN sobre o máximo de 4 meses previsto no prego. | 9 semanas |
| AMPLIACIÓN TEMPO DE SOPORTE E GARANTÍA sobre o mínimo de 2 anos establecido nos pregos | 50 meses |

Lote 2. Subministro e *hosting* dun CPD Cloud en modo IaaS.

| CRITERIOS OFERTADOS | ADXUDICATARIA: VODAFONE ESPAÑA, S.A.U |
|---|---|
| 1. OFERTA ECONÓMICA | 280.552,06 €, aos que se engadirán 58.915,93 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 339.467,99 € |
| 2. ACREDITACIÓN CERTIFICACIÓN ENS (1). Os pregos establecen unha certificación ENS mínima de Nivel Medio para o ámbito de hosting. | ☒ SI , posee unha certificación ENS de nivel ALTO |
| 3. ACREDITACIÓN DE NIVEL DE DISPOÑIBILIDADE SERVIZO *HOSTING* . | ☒ SI ,ofrece un nivel de dispoñibilidade superior ao 99,982% (equivalente TIER III) |
| 4. REDUCIÓN DO TEMPO DE EXECUCIÓN sobre o máximo de 4 meses previsto no prego. | 14 semanas |
| 5. AMPLIACIÓN TEMPO DE SOPORTE E GARANTÍA sobre o mínimo de 2 anos establecido nos pregos. | 1 mes. |

Lote 3. Subministro, implantación e posta en marca do sistema de gravación das sesións plenarias municipais.

| CRITERIOS OFERTADOS | ADXUDICATARIA: TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA SAU |
|---|---|
| OFERTA ECONÓMICA | 868.926,60 euros, aos que se engadirán 182.474,59 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.051.401,19 euros |
| REDUCIÓN DO TEMPO DE EXECUCIÓN sobre o máximo de 4 meses previsto no prego | 13 semanas |
| AMPLIACIÓN TEMPO DE SOPORTE E GARANTÍA sobre o mínimo de 2 anos establecido nos pregos | 72 meses |

O gasto financiarase con cargo á aplicación 4910.65009 segundo consta no informe de consignación da Intervención.

**2º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos

da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**3º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**4º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E DESENVOLVEMENTO DE NOVAS FUNCIONALIDADES E EVOLUTIVOS DAS APLICACIÓNS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de maio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes:*

1. Providencia de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7WGK7P3RVPVKMLUMAW4AQDIU.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WGK7PBBHMVKXCCN5VITXXKI.
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WHWDLBH7YLLOIATUUGRCVHY.
Informe adicional do servizo de comunicación e TICS, con CSV: IV7XU6P5FQVNXSJIRUHUHZAPN4.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WHS2CPEH6VOJ6QB5HIVQAKY.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XUPC7PRZ4TXXYYA4SAMRA6I.
7. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XUPBMJJUYYSPYTTVH4UY7AQ.

8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV IV7WHS2CPEH6VOJ6QB5HIVQAKY.
9. Acordo de Xunta de Goberno do día 22 de marzo de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7XWDKLLNETVGWPXXWFGNJDAI.
10. Solicitude de oferta para participar no procedemento negociado, realizada a Guadaltel SA, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, o día 25 de marzo de 2024.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 04 de abril de 2024, con CSV: IV7XQ2ZLLY46X6VKYEGFOFCGAM, na que se recolle o seguinte:

"Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Guadaltel S.A.
Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas ou avaliables de forma automática.
Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.
Así mesmo oferta, nesta fase I, cero horas anuais de desenvolvemento adicadas para mantemento evolutivo sobre o mínimo de 300 horas.
Debido a que neste procedemento é preceptiva a efectiva negociación a mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase II), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Guadaltel S.A.
Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP)".

12. Acta da Mesa de contratación do día 11 de abril de 2024, con CSV: IV7XRSY7KEJ25DN4UBQDERL7GI, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación en sesión anterior, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador non se compromete a realizar incremento de horas anuais de desenvolvemento adicadas para mantemento evolutivo sobre o mínimo de 300 horas (apartado 3.3 dos PPT).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| LICITADOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|
| GUADALTEL S.A. | Fase I oferta económica mantemento: 18.000,00 euros (IVE non incluído): 0 puntos<br>Fase II.: 0 horas: 0 puntos<br>TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos |

2º.- Requirir a Guadaltel S.A., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| LICITADOR | IMPORTE ADXUDICACIÓN SEN IVE | IMPORTE GARANTÍA |
|---|---|---|
| GUADALTEL S.A. | 84.300,00 € | 4.215,00 € |

13. Resolución da Presidencia do día 17 de abril de 2024, con CSV: IV7XS7L2KFM7JCMCCFIXKBDCOE, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor valorado.

14. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de abril de 2024.

15. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público en data 29 de abril de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 3 de maio de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150, infórmase que Guadaltel S.A. presentou a documentación requirida a través da plataforma de contratación do sector público e que foi enviada escritura de poder do representante da empresa á Asesoría Xurídica da Deputación, a efectos de bastanteo.

A Mesa acorda facultar ao servizo de contratación para incorporar o informe de bastanteo de poder que emita a Asesoría xurídica, en caso de que sexa favorable, considerando que o resto da documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Guadaltel S.A. a contratación do mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades e evolutivos das aplicacións de administración electrónica de Deputación de Lugo. 2024/CON_02/000018, por importe de 84.300,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.703,00 €, o que fai un total de 102.003,00 €.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Guadaltel S.A. a contratación do mantemento e desenvolvemento de novas funcionalidades e evolutivos das aplicacións de administración electrónica de Deputación de Lugo. 2024/CON_02/000018, por importe de 84.300,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 17.703,00 €, o que fai un total de 102.003,00 €, atendendo ao seguinte desglose (data estimada de comezo 1 de xuño de 2024):

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2024(7meses) | 9200.216 | 29.750,88 |
| 2025 | 9200.216 | 51.001,50 |
| 2026 (5 meses) | 9200.216 | 21.250,62 |
| SUMA | | 102.003,00 |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria correspondente, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade indicada

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2025 e 2026, as cantidades indicadas, na aplicación correspondente.

**3º.-** A duración deste contrato será de dous (2) anos, coa posibilidade de unha prórroga adicional de outros dous (2) anos. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DE EXCURSIÓNS NO MARCO DO PROGRAMA "COÑECE A TÚA PROVINCIA".**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de maio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1. Anuncio de información previa publicado na Plataforma de contratos do sector público o 16-11-2023.
2. Providencia de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WQLBNHEBNVJFS3V6B54ACA4[1].
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WQLBCLIWOVOH2UMA4CMDPKM.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WSXH5PI74RKGO4IUHGZKVL4.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WSLX4FMFC7OF6AUPEOQIV7Y.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WUSY6LRR7ZWODQFPGIHYF4Y.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7WSII3YAG2R2VKSX7UB5AS4I.
8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7WSPK4D5UN53EO2JPBO7Q6KQ.
9. Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7W437OZNE57KFPQRMBB5AVOE.
10. Anuncio de licitación, remitido ao Diario Oficial da Unión Europea o día 16 de novembro de 2023 e publicado neste diario o día 17 de novembro de 2023.
11. Anuncio de licitación, memoria xustificativa e pregos publicados o 10 de xaneiro de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

12. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 26 de xaneiro de 2024, con CSV: IV7WYYHSOEE7Z2F7S4FHEBJSEE,que acordou o seguinte:

---

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

“Procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Agrupación de Transportes de Viajeros S.A.
Albergue Santiago 15, S.L.
Halcon Viajes S.L.
Nautalia Viajes, S.L.

Considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede acto seguido á cualificación dos sobres que conteñen a declaración responsable, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado polas empresas Agrupación de transportes de viajeros S.A., HalcónViajes S.L. e Nautaliaviajes S.L. axústase aos requisitos recollidos no PCAP, polo que procede admitir a ditos licitadores.

No caso do licitador Albergue Santiago 15, SL, na apertura do sobre comprobouse que presenta compromiso de presentarse en unión temporal de empresas con Ruth Díaz Amor, así como Anexo I da empresa Albergue Santiago 15, SL.

Conforme a cláusula 14.2.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), que rexe esta licitación:

(…) “Cando dúas ou máis empresas concorran agrupadas nunha unión temporal, incluirase neste sobre, por cada empresa participante, unha declaración responsable que se axustará ao Anexo I (de presentación obrigatoria) ou ben ao formulario de documento único de contratación DEUC (de presentación optativa). Adicionalmente, e conforme ao establecido no artigo 69 da LCSP, presentarase tamén dentro do sobre un compromiso - documento privado- no que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas(…)”.

Non se incluíu no sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos do licitador Albergue Santiago 15, SL:

Declaración responsable de Ruth Díaz Amor, que se axustará ao Anexo I do PCAP.

Compromiso- documento privado- no que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas(…)".

A mesa de contratación cualifica o defecto detectado como subsanable, acordando por unanimidade:

Requirir á empresa Albergue Santiago 15, SL. para que, de conformidade co establecido no artigo 141 da LCSP, presente no prazo de tres días hábiles:

Declaración responsable de Ruth Díaz Amor, que se axustará ao Anexo I do PCAP.

Compromiso -documento privado- no que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que a constitúan e a participación de cada un deles, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas(…)".

13. Acta da mesa de contratación do día 02 de febreiro de 2024, con CSV:IV7W2WPDFMOJ7HWPW4HDGVSUAU, na que se recolle o seguinte:

"En primeiro lugar procedeuse a dar conta de que a empresa Albergue Santiago 15 S.L. achegou o Compromiso de constitución en UTE con Ruth Díaz Amor e o Anexo I désta debidamente asinado, polo que a mesa de contración acorda a súa admisión.
A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación. A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

| OFERTAS PRESENTADAS | PREZO POR PRAZA | CARACTERÍSTICAS DOS AUTOBUSES | PERSOAL DE APOIO | PRAZAS PMR | MULLERES | 50 ANOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS S.A. | 55,00 | 20 | 10 | 5 | 5 | 5 | 100,00 |
| ALBERGUE SANTIAGO 15, SL | 44,62 | 20 | 10 | 5 | 5 | 0 | 84,62 |
| HALCON VIAJES S.L. | 40,60 | 20 | 10 | 0 | 5 | 5 | 80,60 |
| NAUTALIA VIAJES, SL | 38,30 | 20 | 10 | 0 | 5 | 5 | 78,30 |

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2

da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

| PRECIO BASE DE | 89,05 CON IVE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| OFERTAS PRESENTADAS | Importe Oferta | Importe de la Baja | Porcentaje de Baja sobre precio base licitación | Primer Filtro | ¿Baja Temeraria? |
| AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS S.A. | 67,40 | 21,65 | 24,3122% | Se incluye | Es Baja Temeraria |
| ALBERGUE SANTIAGO 15, SL | 75,53 | 13,52 | 15,1825% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| HALCON VIAJES S.L. | 83,00 | 6,05 | 6,7939% | Se incluye | No es Baja Temeraria |
| NAUTALIA VIAJES, SL | 88,00 | 1,05 | 1,1791% | No se incluye | No es Baja Temeraria |
| Medias calculadas | 78,48 | 10,57 | 15,43% | 75,31 | Media Ofertas incluidas |
| Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consIderación (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales) | | | 23,89% | 67,78 | |

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á UTE formada pola empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.
Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico."

14. Trámite de audiencia, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 07 de febreiro de 2024.

15. Documentación presentada pola empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A., en resposta ao trámite anteriormente descrito.

16. Informe do servizo de turismo, con CSV: IV7WEQBLLVGY5TR4ADWCNZAQMI, relativo á xustificación da oferta anormalmente baixa.

17. Acta da mesa de contratación do día 23 de febreiro de 2024, con CSV: IV7WFXBSFVW5J7EMQYQBEUZU6E, na que se recolle o seguinte:

"A Mesa de Contratación, reunida en data 02 de febreiro de 2024, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A, por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Con data 07 de febreiro de 2024, deuse traslado á empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación con data 13 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido a tales efectos.

O Servizo de Turismo emitiu informe, con CSV: IV7WEQBLLVGY5TR4ADWCNZAQMI, que conclúe:

"Consideramos que a información achegadapola citada empresa, explica satisfactoriamente o baixoprezo unitario presentado na fase de presentación de ofertas económicas e que explica a viabilidade e seriedade da oferta para a Contratación dos servizos de organización de excursións no marco do programa "Coñece a túa provincia. O que se informa para dar cumprimentoao establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP."

A Mesa acorda aceptar o informe do Servizo de Turismo e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Aceptar a xustificación presentada pola empresa Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A, de conformidade co informe do Servizo de Turismo.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

| Nº DE ORDE | LICITADORES | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS S.A. | 100 |
| 2 | ALBERGUE SANTIAGO 15, SL | 84,62 |
| 3 | HALCON VIAJES S.L. | 80,60 |
| 4 | NAUTALIA VIAJES, SL | 78,30 |

Requirir á empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A., que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e no apartado "M" do cadro resumo do PCAP -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 10 % (cláusula 10.3 do PCAP) |
|---|---|
| 358.864,84 € | 35.886,48 € |

18. Resolución de Presidencia de01 de marzo de 2024, con CSVIV7WGYLONRG7VDVPY4QA6EI6OY, de clasificación e requirimento de documentación.

19. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día08 de marzo de 2024.

20. Documentación presentada a través da plataforma de contratación do sector públicoo día 19 de marzo de 2024 e da sede electrónica da Deputación de Lugo en data 22 de xaneiro de 2024.

21. Acta da mesa de contratación do día 04 de abril de 2024, con CSV: IV7XQ6HZYAU35JH5U4HAMUXG6M, na que se recolle o seguinte:

"Celébrase Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, presentada pola empresa Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A. e

unha vez estudada a documentación presentada a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido a tales efectos, infórmase que:

Co obxecto de acreditar a solvencia económica e financeira a licitadora presenta declaracións do Imposto de Sociedades, cando no PCAP se recolle expresamente como medio para acreditar a solvencia económica e financeira as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.
Co obxecto de acreditar a solvencia técnica presenta unha relación de servizos de excursións e similares no que non se recollen importes nin datas, e achega certificados de boa execución que non alcanzan en ningún dos anos o importe mínimo esixido que ascende a 155.778,96 €
Non acredita a experiencia profesional das persoas adscritas ao obxecto do contrato, que deben contar, segundo se recolle no PCAP cunha experiencia de ao menos 3 anos na organización de paquetes turísticos.

A Mesa de Contratación, califica os erros detectados como subsanables, polo que acorda:

1º.- Requirir á Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A.para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a documentación que se relaciona acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade:

Acredite a solvencia económica e financeira achegando as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos disponibles en función da data de presentación de ofertas (no caso do volume anual de negocios) ou do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación das contas anuais (no caso do patrimonio neto positivo).

Acredite a solvencia técnica ou profesional presentando unha relación de servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, no curso de, como máximo os tres últimos anos, nos que se indique o importe, data e destinarario, público ou privado dos mesmos e que alcancen en algún dos tres últimos

anos o importe mínimo esixido que ascende a 155.778,96 €. Os traballos efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrante en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

Acredite a experiencia profesional das persoas adscritas ao obxecto do contrato, que deben contar, segundo se recolle no PCAP cunha experiencia de ao menos 3 anos na organización de paquetes turísticos."

22. Requirimento de subanación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 08 de abril de 2024.

23. Documentación administrativa presentada no trámite de subsanación, a través da plataforma de contratación do sector público, o día 11 de abril de 2024.

24. Acta da mesa de contratación do día 18 de abril de 2024, con CSV: IV7XSCY33VO2TXP6UTQTE5KACI, na que se recolle o seguinte:

"En primeiro lugar, dáse conta de que a mesa de contratación, en sesión anterior acordou requirir á Agrupación de Transportes de Viajeros, S.A., a seguinte documentación:

Acredite a solvencia económica e financeira achegando as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos disponibles en función da data de presentación de ofertas (no caso do volume anual de negocios) ou do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación das contas anuais (no caso do patrimonio neto positivo).

Acredite a solvencia técnica ou profesional presentando unha relación de servizos ou traballos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, no curso de, como máximo os tres últimos anos, nos que se indique o importe, data e destinarario, público ou privado dos mesmos e que alcancen en algún dos tres últimos anos o importe mínimo esixido que ascende a 155.778,96 €. Os traballos efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste

certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrante en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

Acredite a experiencia profesional das persoas adscritas ao obxecto do contrato, que deben contar, segundo se recolle no PCAP cunha experiencia de ao menos 3 anos na organización de paquetes turísticos.

Reunida con data 18 de abril de 2024 a Mesa de Contratación, co obxecto de proceder ao estudo da documentación presentada, conclúese o seguinte:

No tocante á solvencia económica e financeira, o licitador achega con data 15 de abril de 2024, as contas anuais debidamente depositadas no rexistro mercantil, indica asimesmo que as presenta nesa data e forma aducindo problemas técnicos da plataforma de contratación do sector público. Tendo en conta que se trata dun requisito cuxa constancia se pode verificar por calquer cidadán ou persoa debido a súa constancia de xeito accesible nun rexistro público referido a magnitudes e operacións societarias que se teñen validado na anualidade 2023, acórdase considerar suficiente a acreditación da solvencia económica e financeira achegada pola mercantil.

Polo que se refire á solvencia técnica e profesional a licitadora achega unha declaración de servizos prestados na que varios destinatarios se nomean como clientes. A mesa de contratación dacordo co prescrito no artigo 90 da LCSP considera suficiente a declaración do empresario acompañado das facturas para acreditar a realización da prestación. Igualmente achega unha Resolución da Consellería de Política Social e Xuventude pola que se lle adxudica un contrato para a realización dunha serie de prestación semellantes as que se pretende contratar, durante a campaña do verán do ano 2023; sobre este extremo a mesa de contratación considera que se debe aclarar se ditos traballos se executaron ou non. Do mesmo xeito considera oportuno aclarar se os importes que figuran na declaración de servizos prestados inclúen o IVE, e en caso de non estar incluídos que parte do importe declarado se corresponde coa cuota repercutida pola empresa en concepto de IVE.

A efectos de acreditar a experiencia, a licitadora achega curriculum e vida laboral do Técnico Xestor e do Axente de Viaxes e Administración adscritos ao obxecto do contrato, e declaración responsable, documentación que a mesa considera suficiente para acreditar o requisito esixido.

Polo que vai dito, a mesa de contratación acorda solicitar á empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A., que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, presente aclaracións sobre os seguintes extremos:

1. Sobre a efectiva realización do "servizo de transporte para o programa de intercambios bilaterais con outras Comunidades Autónomas, incluído na oferta global da Campaña de Verán 2023", adxudicado pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia; nas que o Órgano competente indique importe, data e destinatario dos traballos realizados, nos termos establecidos no artigo 90 da LCSP.
2. Sobre a inclusión ou exclusión do IVE, nos importes recollidos no documento denominado "declaración servizos prestados".

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 03 de maio de 2024, aos efectos de examinar as aclaracións presentadas pola empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A., infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, relación de traballos realizados, coincidente coa solvencia técnica declarada, na que aclara que traballos incorporan o IVE e cales non, resultando que o importe dos traballos realizados (IVE non incluído), alcanza a solvencia técnica esixida como mínimo nos pregos de cláusulas administrativas.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A.a contratación do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pla provincia de Lugo, dentro do programa "Coñece a túa provincia" 2ª edición da Deputación de Lugo, expediente: 2023/CON_02/000074, polo importe máximo de 358.864,84 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 75.361,62 € o que fai un total de 434.226,46 €, cun prezo unitario máximo por praza de 67,40 euros (IVE incluído).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos".


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 36/109 |

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Agrupación de Transportes de Viajeros S.A. a contratación do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pla provincia de Lugo, dentro do programa "Coñece a túa provincia" 2ª edición da Deputación de Lugo, expediente: 2023/CON_02/000074, polo importe máximo de 358.864,84 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 75.361,62 € o que fai un total de 434.226,46 €, cun prezo unitario máximo por praza de 67,40 euros (IVE incluído), coa seguinte distribución por anualidades:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2024 | 4320.22799 | 164.951,40 |
| 2025 | 4320.22799 | 269.275,06 |
| SUMA | | 434.226,46 |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 164.951,40€, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

**2º.-** A duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato ou, no seu defecto, unha vez formalizado o contrato, ata o día 31 de decembro do 2025, podendo ser prorrogable noutros dous anos máis en períodos de un ano (máximo 31 de decembro do 2027) co mesmo número de prazas máximo que en 2025.

A execución do programa consta dos seguintes períodos:

1º Período: ano 2024- Máximo 1840 prazas.
2º Período: ano 2025- Máximo 3036 prazas.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 37/109 |

**4º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**5º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 7.000 EXEMPLARES DA TERCEIRA EDICIÓN DO LIBRO GUÍA "OS BOLECHAS, DA ESCOLA Á GRANXA" E UNHA UNIDADE DA VERSIÓN DIXITAL CON LOCUCIÓN, EDITADO POR EDICIONES BOLANDA S.L.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de maio de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1. Providencia de inicio do contrato, con CSV: IV7W3WBSJER36SHDZRMXOQ2XB4.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WESJYHUE755FYCR4WKBBACM.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7WESJZLVPSJT5P2R7QF4H6AI.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7WESC7OB66RH4YAMECMYZVOM.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV:IV7WGS3D3MG3JW5PXRUGE4DREY.
6. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral con CSV: IV7WGSZMDN5232V5QAAGCNYW7Y.
7. Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7WGWSIOFRMRTUZSXVXL5XSD4.
8. Proposta de Presidencia con CSV: IV7WGUHNZYUSTPJMYAOMO3XRFY.
9. Acordo da Xunta de Goberno de data 01 de marzo de 2024 con CSV: djP020HhpyWEnzDodkfQKw==IV7OQ63LIAH57KOIYMQFMBKOAU, polo que se

aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.
10. Convite, cursado o día 11 de marzo de 2024, a través da plataforma de contratación do sector público.

11. Acta da mesa de contratación do día 21 de marzo de 2024 con CSV: IV7OSWJKDH732W4JYRQVB5QF4Y, que recolle o seguinte:

"Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Ediciones Bolanda S.L.
Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas ou avaliables de forma automática.
Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente non expresa cantidade concreta. Segundo o recollido no apartado P. criterios de adxudicación/ negociación do cadro resumo do PCAP enténdese que oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 75/109 |

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.-Protección de datos

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.640,85 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente orzamento xeral."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/008826) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 4 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- apotexto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023 por importe total de 135.845,37 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023 formalizouse o 12 de maio de 2023.

Terceiro.- Na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, celebrada o 29 de abril de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

"21.- Aprobación da solicitude de modificación de convenio interadministrativo de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Monforte de Lemos, e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro, anualidade 2023.
O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coa finalidade de Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro o 12 de maio de 2023.
Na cláusula Terceira, Obrigas e compromisos das partes especifícase que é obriga do concello de Monforte de Lemos executar as actuacións ata o 31 de marzo de 2024, sendo este prazo susceptible de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao concello.
A execución das obras retrasouse pendente da autorización de diferentes administracións e incidencias que foron surxindo coa realización dos traballos o que impide a finalización das mesmas nos prazos previstos.
No ámbito temporal, sería necesario alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación a 31/07/2024.
Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo para a realización conxunta polo Concello de Monforte de Lemos e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro de maneira que na cláusula Terceira se modifique o apartado 3.2.7. sendo o prazo de execución ata o 31/07/2024, e na cláusula Cuarta o apartado C) sento o prazo de xustificación ata o 31/07/2024.
Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo."

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"(...)
3.2. O Concello de Monforte de Lemos.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:
(...)
7. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de marzo de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)."
Na cláusula Cuarta. Réxime económico.
"(..)
c) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de maio de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)".
Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Na cláusula Sexta. Modificación.
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

*Conclusións*.

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o Concello de Monforte de Lemos nos termos da addenda incorporada ao expediente."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 80/109 |

representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, Dª. Gloria María Prada Rodríguez, Primeira Tenente Alcalde, do Concello de Monforte de Lemos con NIF P2703100D e sede social en Praza Campo de San Antonio, 27400, Monforte de Lemos, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 4 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- apotexto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023 por importe total de 135.845,37 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 20.845,37 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro" ano 2023 formalizouse o 12 de maio de 2023.

Terceiro.- Na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, celebrada o 29 de abril de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

"21.- Aprobación da solicitude de modificación de convenio interadministrativo de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Monforte de Lemos, e a Deputación Provincial de lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro, anualidade 2023.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 81/109 |

O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coa finalidade de Mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro o 12 de maio de 2023.

Na cláusula Terceira, Obrigas e compromisos das partes específícase que é obriga do concello de Mofnrote de Lemos executar as actuacións ata o 31 de marzo de 2024, sendo este prazo susceptible de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao concello.

A execución das obras retrasouse pendente da autorización de diferentes administracións e incidencias que foron surxindo coa realización dos traballos o que impide a finalización das mesmas nos prazos previstos.

No ámbito temporal, sería necesario alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación a 31/07/2024.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo para a realización conxunta polo Concello de Monforte de Lemos e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de mellora da travesía da rúa Celso Emilio Ferreiro de maneira que na cláusula Terceira se modifique o apartado 3.2.7. sendo o prazo de execución ata o 31/07/2024, e na cláusula Cuarta o apartado C) sento o prazo de xustificación ata o 31/07/2024.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 12 de maio de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:
Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (115.000,00€).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
3.2. O Concello de Monforte de Lemos.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 20.845,37 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
4. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.
5. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
6. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
7. O prazo de execución abarca ata o 15 de novembro de 2024.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
9. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”
Cláusula cuarta.- Réxime económico.

a) “Achegas:
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Monforte de Lemos aportará para a execución do convenio o financiamento de 20.845,37 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
b) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do Concello de Monforte de Lemos.
c) Xustificación da achega económica.
O prazo para que dende o Concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 1 de decembro de 2024.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Acta de recepción.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 84/109 |

procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 12 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- *Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES_03/008827) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 85/109 |

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 4 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- apotexto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023 por importe total de 193.741,86 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 157.000 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023 formalizouse o 12 de maio de 2023.

Terceiro.- Na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, celebrada o 29 de abril de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

"20.- Aprobación da solicitude de modificación de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos", ano 2023.

O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coa finalidade de Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos o 12 de maio de 2023

Na cláusula Terceira, Obrigas e compromisos das partes especifícase que é obriga do concello de Mofnrote de Lemos executar as actuacións ata o 31 de marzo de 2024, sendo este prazo susceptible de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao concello.

A execución da obra está neste momento pendente da retirada dun poste do servicio telefónico o que impide a finalización da mesma.
No ámbito temporal, sería necesario alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación a 31/07/2024.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" de maneira que na cláusula Terceira se modifique o apartado 3.2.5. sendo o prazo de execución ata o 31/07/2024, e na cláusula Cuarta o apartado C) sendo o prazo de xustificación ata o 31/07/2024.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo."

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"(...)
3.2. O Concello de Monforte de Lemos:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:
(...)
5. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de marzo de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)."
Na cláusula Cuarta. Réxime económico.
"(..)
c) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de maio de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
(...)".
Na cláusula Quinta. Duración do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Na cláusula Sexta .Modificación.
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

*Conclusións.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o Concello de Monforte de Lemos nos termos da addenda incorporada ao expediente."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e

representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, Dª. Gloria María Prada Rodríguez, Primeira Tenente Alcalde, do Concello de Monforte de Lemos con NIF P2703100D e sede social en Praza Campo de San Antonio, 27400, Monforte de Lemos, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- Por resolución presidencial, de data 4 de maio de 2023, aprobouse -por avocación- o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023 por importe total de 193.741,86 € e do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 157.000 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral da anualidade do 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" ano 2023 formalizouse o 12 de maio de 2023.

Terceiro.- Na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, celebrada o 29 de abril de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

"20.- Aprobación da solicitude de modificación de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos", ano 2023.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 89/109 |

O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coa finalidade de Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos o 12 de maio de 2023

Na cláusula Terceira, Obrigas e compromisos das partes especifícase que é obriga do concello de Mofnrote de Lemos executar as actuacións ata o 31 de marzo de 2024, sendo este prazo susceptible de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao concello.

A execución da obra está neste momento pendente da retirada dun poste do servicio telefónico o que impide a finalización da mesma.
No ámbito temporal, sería necesario alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación a 31/07/2024.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na "Mellora de infraestruturas urbanas e honorarios técnicos" de maneira que na cláusula Terceira se modifique o apartado 3.2.5. sendo o prazo de execución ata o 31/07/2024, e na cláusula Cuarta o apartado C) sendo o prazo de xustificación ata o 31/07/2024.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio formalizado o 12 de maio de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:
Cláusula terceira.- Obrigas e compromisos das partes.
"3.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (157.000,00€).

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
3.2. O Concello de Monforte de Lemos.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:
1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 36.741,86 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
4. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.
5. O prazo de execución abarca ata o 15 de novembro de 2024.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."
Cláusula cuarta.- Réxime económico.
"Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 157.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.
2.- Achega do Concello.

O Concello de Monforte de Lemos aportará para a execución do convenio o financiamento de 36.741,86 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
b) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do Concello de Monforte de Lemos
c) Xustificación da achega económica.
O prazo para que dende o Concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 1 de decembro de 2024.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións das actividades realizadas.
Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:
1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
Acta de recepción.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 12 de maio de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda do que como Secretario dou fe."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, da validación de gasto en relación ca factura de Recambios Frain, S.L. por omisión de fiscalización de obrigas por contrato vencido.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RECAMBIOS FRAIN S.L. | 2024V-CR-638059 | 31/03/24 | 4.677.13 | Subm.pezas para rep. e mantem.vehiculos P.Mobil 2024/FAC-01/001256 | SUBM. | Marzo 2024 | 9201.22111 92024/3837 |
| TOTAL | | | 4.677,13 € | | | | |


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 93/109 |

Total 4.677,13 €

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención

Vista Resolución da Presidencia de data 30 de abril de 2024 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 4.677,13 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 4.677,13 €:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RECAMBIOS FRAIN S.L. | 2024V-CR-638059 | 31/03/24 | 4.677.13 | Subm.pezas para rep. e mantem.vehiculos P.Mobil 2024/FAC-01/001256 | SUBM. | Marzo 2024 | 9201.22111 92024/3837 |
| TOTAL | | | 4.677,13 € | | | | |

Total: 4.677,13 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 94/109 |

**12.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 15 DO POLÍGONO INDUSTRIAL "A GÁNDARA", CONCELLO DE FRIOL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"En data de 18 de abril de 2024, foi presentado un escrito por D. David Fajardo Rodríguez, en representación da empresa DFJ Salvi Industry S.L mediante o que solicita a adquisición da parcela número 15, situada no Polígono Industrial de Friol, por importe de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE mediante pago aprazado a cinco anos, con cotas trimestrais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de agosto de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, mediante poxa, así como o prego de cláusulas administrativas que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, acordou a adxudicación de parcelas do Polígono Industrial "A Gándara", Concello de Friol, aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 15 do Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, ten un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, recolle na súa cláusula 20 :

"No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, en data de 6 de maio de 2024, con CSV IV7X5UJKMH5C3HE62REEIBHQAA.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 8 de maio de 2024, con CSV IV7X6XL7YEM4UXJLQD4QCBIBC4.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 15 do Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, a favor da empresa DFJ Salvi Industry S.L por importe de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE, mediante pago aprazado a cinco anos, con cotas trimestrais, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 15 do Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de DFJ Salvi Industry S.L.

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 15 do Polígono Industrial de "A Gándara", no Concello de Friol, con referencia catastral 27020A057001300001ZL."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"*Antecedentes*.

O 1 de abril de 2024, recibiuse nesta administración un escrito da Sección de Patrimonio del Estado da Delegación de Economía y Hacienda con número de rexistro 2024RPE00604 correspondente ao seu oficio número 200902700065, interesándose pola expropiación de parte da finca 3-598 da concentración parcelaria de Ferreiravella (Riotorto), con referencia catastral 27054D003005980000PF, identificada co número 36 no expediente: RIOTORTO.- "Marco de Álvare- Ás Rodrigas" do P.K. 0,000 ao 5,800.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 96/109 |

*Feitos*.

Respecto ao desenvolvemento do expediente:

No transcurso do procedemento expropiatorio fóronse notificando ao Ministerio Fiscal e á Delegación del Ministerio de Economía y Hacienda todos os trámites, de igual forma que ao resto de propietarios, sendo estes trámites desde o envío do intento de mutuo acordo, de maneira resumida, os seguintes:

1.- En marzo de 2010 recibiuse a valoración feita polos Servizos Técnicos da Delegación de Economía y Hacienda.
2.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na sesión do 18 de xuño de 2010 acordou aprobar os mutuos acordos, as follas de aprecio da Administración e, no seu punto terceiro, rexeitar a folla de aprecio formulada polos Servizos Técnicos da Delegación de Economía y Hacienda por considerar o seu importe excesivo e pouco acorde coa realidade obxectiva.
Posteriormente enviouse a folla de aprecio aprobada pola Administración ao Ministerio Fiscal e á Delegación del Ministerio de Economía y Hacienda en cumprimento do artigo 30.2 de la Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).
3.- En setembro del 2010, envioúse ao Xurado de Expropiación de Galicia a peza separada da finca para que este fixara el xusto prezo.
4.- O Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia, en sesión do 24 de maio de 2012, fixou o xusto prezo para a finca 36 do expediente na cantidade de 2.000,42 €.
5.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial aprobou o 7 de xullo de 2012 a cantidade fixada polo Xurado de Expropiación de Galicia, consignada o 2 de agosto de 2012 na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial a disposición do "Estado. Descoñecido".
O citado acordo e a consignación realizada foron notificados ao Ministerio Fiscal e á Delegación del Ministerio de Economía y Hacienda en outubro do 2012.
6.- En abril do 2024 recibiuse o escrito citado ao principio e que motiva o presente informe.

Respecto á topografía e superficies:

1.- No ano 1999, unha vez concluído o proceso de concentración parcelaria, redactáronse as actas de reorganización da propiedade da zona de concentración de Ferreiravella que se presenta co escrito.
Como se pode apreciar na cartografía das actas, na representación da estrada non se teñen en conta parte dos elementos estruturais da mesma, solo se ten en conta a

plataforma sen terrapléns nin desmontes, quedando a superficie comprendida entre a plataforma e as arestas exteriores da explanación incluídas nas fincas.
2.- O autor do proxecto tomou como base a topografía catastral do 2007 que, nesta finca, tampouco tiña en conta o terraplén existente da estrada.
Este terraplén, na parte discrepante, realizouse con anterioridade ao proceso de reparcelación da concentración parcelaria.
Segundo figura na memoria do proxecto nº 156 do año 1985 entre os P.K.s 0,000 e 2,565 da estrada non foi preciso ensanchala porque xa dispoñía nesa data dun ancho de 6 m. de firme e do terraplén citado, e polo tanto cabe interpretar que forma parte do dominio público viario.
Por outro lado, no proxecto que serviu de base para a expropiación da estrada, o eixe desprázase cara á marxe dereita e non cara á finca, concretamente no tramo fronte á mesma, deixando incluso sobrantes na marxe esquerda.
3.- A superficie expropiada foi de 686,00 m², sen que realizase ningunha acta complementaria.
4.- A planimetría catastral sufriu sucesivas modificacións desde a redacción do proxecto no ano 2007, pasando de 4.167,00 m² a 1.996,00 m², véndose reducida por todos os seus extremos, non só cara á estrada, en parte debido a discrepancias e/ou errores entre as cartografías.
5.- A representación gráfica catastral do dominio público viario está ben situada, coincidindo co pé de terraplén que xa existía salvo no expropiado agora.

Respecto á titularidade, cobros dispoñibles e intereses:

1.- A cantidade fixada polo Xurado de Expropiación de Galicia como xusto prezo ascende á 2.000,42 €, cantidade consignada na Caixa Xeral de Depósitos da Deputación a favor de "Estado. Descoñecido" desde o ano 2012.
2.- Comprobada a titularidade catastral actual, a finca figura a nome da Dirección General del Patrimonio del Estado, del Ministerio de Economía y Hacienda.
3.- De acordo ao informe da Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial de xaneiro de 2016, se transcorresen máis de catro anos desde a data do pago do xusto prezo ou da súa consignación notificada ata a solicitude dos intereses, non procede o seu cobro.

*Conclusións*.

1.- No expediente expropiáronse 686,00 m² sen que se realizara ningunha folla de aprecio complementaria.
2.- As diferenzas en canto ás superficies débense ás discrepancias e/ ou errores topográficos.

3.- O importe do xusto prezo definitivo que se encontra consignado ascende á cantidade de 2.000,42 €, non correspondendo o cobro de intereses.
4.- Queda acreditada a titularidade da finca a nome de Dirección General del Patrimonio del Estado, do Ministerio de Economía y Hacienda.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o cambio de titularidade no expediente expropiatorio: RIOTORTO.- "Marco de Álvare- Ás Rodrigas" do P.K. 0,000 ao 5,800 da finca 36 a favor de Dirección General del Patrimonio del Estado, do Ministerio de Economía y Hacienda e posteriormente notificar a dispoñibilidade de cobro ao seu favor, da seguinte forma:

| Finca | Titularidade anterior | Nova titularidade | Importe xusto prezo |
|---|---|---|---|
| 36 | Estado. Descoñecido | Dirección General del Patrimonio del Estado | 2.000,42 € |

**2º.**- Desestimar o cobro de intereses, segundo o informe de Asesoría Xurídica de xaneiro 2016 ao respecto."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/030, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-

2023/030, correspondente á AA.VV. Ponte Soldón as obras de "Arranxo Area Recreativa", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A AA.VV. Ponte Soldón, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Ponte Soldón (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/030, destinada ás obras de "Arranxo Area Recreativa" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/032, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 100/109 |

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/032, correspondente á AA.VV. Santa Mariña de Sequeiros as obras de "Arranxo Camiño 2º Fase", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A AA.VV. Santa Mariña de Sequeiros, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.
Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Santa Mariña de Sequeiros (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/032, destinada ás obras de "Arranxo Camiño 2º Fase" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/034, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano

2023”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/034, correspondente á AA.VV. Vilamayor as obras de “Reforma local para instalación aseo adaptado”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.695,29 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 20 de marzo de 2024 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.847,65 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- A AA.VV. Vilamayor, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.
Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Vilamayor (Monterroso), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/034, destinada ás obras de “Reforma local para instalación aseo adaptado” por un importe de 5.695,29 €, así como o aboamento de 2.847,64 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 102/109 |

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/095, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/095, correspondente á Asociación Vec. Sociocult. e Medioamb. Veciños de Bendilló as obras de "Obras menores en planta primera Centro Sociocultural", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A Asociación Vec. Sociocult. e Medioamb. Veciños de Bendilló, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Vec. Sociocult. e Medioamb. Veciños de Bendilló (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/095, destinada ás obras de "Obras menores en planta primera Centro Sociocultural" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REFORMULACIÓN ORZAMENTARIA DO PROGRAMA XUNT@S POLO SERÁN 2024.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Cultura, onde se dí, entre outras cousa que: "(...) Na Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día oito de marzo de dous mil vinte e catro, aprobouse o Programa Xunt@s polo Serán 2024, por importe de 375.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/actuacións deste Programa: 328.125,00 €.
Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual: 46.875,00€

Xunt@s polo serán é un programa de natureza cultural e festiva, onde música, danza, maxia, circo e obradoiros se mesturan, facendo da cultura, unha festa – entendida dende o punto de vista antropolóxico e etnográfico-, como un día especial co que romper coas actividades cotiás.

O redor da música, da danza, da maxia, do circo,... conseguirase que, a lingua e a reinterpretación (se fose o caso) da tradición creen lazos e unan esforzos en prol da participación, da colaboración e da integración social nunha festa chea espectáculo cultural propio.

Esta variada programación irá dirixida tanto ao público miúdo como a poboación en xeral, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais e centros de ensino de toda a provincia, convertendo a Xunt@s polo serán nunha liña programática propia fundamentada no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, onde a lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros son unha parte fundamental dos grupos e dos individuos como elemento e referencia de pertenza. O período de execución deste programa irá dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2024.


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 104/109 |

O obxecto desta variada programación festiva é a de enriquecer o tempo de ocio e lecer, así como contribuír ao enriquecemento da programación cultural dos Concellos, das entidades asociativas culturais e tamén a programación de lecer socieducativa dos centros de ensino de toda a provincia de Lugo.

Xunt@s polo serán pretende coa súa rica programación, fomentar o enriquecemento cultural e maila participación en festivais, programas culturais, xuntanzas, homenaxes e outros actos festivos e/ ou culturais do medio urbano e rural de toda a provincia de Lugo co obxecto de:

Incentivar a produción e o consumo cultural.
Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.
Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a democratización cultural aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás entidades asociativas culturais.
Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.
Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivación da actividade económica cultural.
Complementar a programación cultura e artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das entidades asociativas culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).
Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; a complementar a programación artística e cultural dos concellos, das entidades asociaciativas culturais e dos centros de ensino; á difusión da programación deste Programa a todos os recunchos da xeografía provincial, poñendo especial fincapé en levar as distintas actividades do mesmo a aqueles espazos territoriais máis precisados dunha programación cultural.

* As actuacións (en interior e/ ou exterior) poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da mesma e á necesidade de complementar a

programación cultural xa organizada nos concellos, centros de ensino e entidades asociativas culturais de toda a provincia.

Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como pola reactivación da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades e demandas dos potenciais clientes culturais do noso territorio provincial.

Unha vez posto en marcha o Programa de referencia e, en aras dunha xestión económica eficaz e axeitada, podería ser o momento de analizar unha necesaria racionalización e reformulación económica deste Programa (…)".

Unha vez analizadas as necesidades do Programa de referencia, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno se aprobe- se procede- , unha reformulación orzamentaria do Programa Xunt@s polo Serán 2024, de tal xeito que se minore o orzamento inicialmente aprobado para este Programa quedando como segue:

Aprobar un novo importe total do Programa Xunt@s polo Serán 2024, por valor de: 200.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/ actuacións deste Programa: 181.819,00 €.

Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 18.181,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DUNHA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente do seguinte teor:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 106/109 |

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023:

1. Este procedemento de concorrencia competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de marzo de 2023.
2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 21 de xullo de 2023, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 170 do 26 de xullo de 2023.
3. Finalizado o trámite de audiencia (dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP) sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional tivo carácter definitivo e publicouse na páxina web da Deputación de Lugo e no BOP nº 188 do 17 de agosto de 2023 para o seu coñecemento e efectos oportunos.
4. O beneficiario relacionado a continuación, presentou na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención concedida na referida convocatoria:

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño.

| Nº EXPEDIENTE | ENTIDADE | NIF | ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|
| 2023/CCP_01/000122 | ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO VIVO E INTEGRADO DE CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA | G27495639 | III Xornada de Alternativas ao uso do petróleo en aplicacións agrícolas | 2.090,00 € |

5. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 29 de abril de 2024 un informe ao respecto.

Por todo o exposto, propoño, que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:


| | IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Fecha y Hora | 21/05/2024 09:35:25 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XY2AZLY6ZVBEKA46XKMAQ6Y | Página | 107/109 |

Liña 10.2 Reserva da biosfera Terras do Miño.

| Nº EXPEDIENTE | ENTIDADE | NIF | ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|
| 2023/CCP_01/000122 | ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO VIVO E INTEGRADO DE CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA | G27495639 | III Xornada de Alternativas ao uso do petróleo en aplicacións agrícolas | 2.090,00 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xullo de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 064 do 18 de marzo de 2023, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes e Artesanía e Deseño, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

| NOME ENTIDADE | NOME ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN |
|---|---|---|
| CLUB MULLER EN FORMA | TRIATLON | 751,00 |

**21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*1º.- Dación de conta da resolución da Presidencia de data 07/05/2024.*

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data 7 de maio de 2024 relativa á comparecencia no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de A Fonsagrada nas Dilixencias Previas do procedemento Abreviado núm. 000023/24, reclamando como responsabilidade civil o importe da valoración dos danos na vía provincial LU-P-4802 (Santalla-Navallo-Ponte Soutelo) no P.K. 19+00. A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- *Dación de conta do decreto de 26 de abril de 2024 da Fiscalía Provincial de Lugo.*

Dase conta do decreto da Fiscalía Provincial de Lugo do Decreto de data 26 de abril de 2024 ditado nas Dilixencias de Investigación Penal nº 50/2024 incoadas en virtude de denuncia feita pola Asociación de Propietarios Privados e Comunais da Comarca de Os Ancares por "*el mal estado en que se encuentra la carretera provincial LU-P-37-01, que discurre desde as Nogais a Pintinidoira....*", que acorda o seguinte: "*1.- La apertura de las presentes Diligencias de Investigación Preprocesal , acordando su anotación en el libro registro correspondiente y la designación del fiscal Jefe de la Fiscalía Provincial de Lugo como fiscal responsable de la investigación. 2.- El archivo de las presentes Diligencias de Investigación Preprocesal , por no ser los hechos constitutivos de delito. 3.- Remitir copia del presente Decreto al denunciante haciéndole saber que puede reiterar su denuncia ante los órganos judiciales. 4.- Remitir la denuncia, junto con el presente Decreto a la Diputación Provincial de Lugo, como titular de la vía, para que tenga conocimiento de los hechos y, en su caso, adopte las medidas que estime oportunas*". A Xunta de Goberno queda enterada.

**22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**